

COPA GALEGA DE CLUBES DE NATACIÓN

Tempada 2012 - 2013. Circular 12-16.

1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES.

1.1.- A copa galega estrutúrase en catro divisións compostas conforme ao especificado no Anexo I:

División de honra.

Primeira división.

Segunda división.

Terceira división.

1.2.- Para as divisións de honra, primeira e segunda establécense dúas fases, preliminar e final. Na preliminar competirán os seis equipos de cada división, en base aos resultados desta fase formaranse dous grupos por división que disputarán a fase final polo título/ascenso ou a permanencia. No grupo polo título competirán os tres primeiros clasificados da fase preliminar e no grupo pola permanencia competirán os tres últimos clasificados da fase preliminar. Independentemente de dita agrupación, que se considerará para os efectos de puntuación, as xornadas da fase final disputaranse para cada división nunha soa piscina como na fase preliminar.

Para a terceira división establécense dúas fases coincidentes coas dúas fases das outras divisións na que competirán todos os clubs inscritos na copa e que non formen parte das divisións de honra, primeira ou segunda. A clasificación final virá determinada pola clasificación da Fase Final.

1.3.- Ao finalizar cada tempada os dous últimos equipos clasificados en cada división descenden á inmediatamente inferior, ascendendo os dous primeiros clasificados nesta última.

1.4.- Todos os clubs deberán confirmar a súa participación na liga antes do 8 de outubro. En caso de baixa dalgún clube avanzarán todos os clasificados a continuación o posto correspondente. Un clube que descendera de categoría non poderá ocupar o posto dunha baixa de ascenso na tempada seguinte. Os clubs que desexen participar na Copa e non estean incluídos deberán comunicarllo por escrito á FEGAN no mesmo prazo, preferiblemente por correo electrónico e pasarán a integrar a terceira división.

1.5.- Se algún equipo unha vez inscrito se retira da competición ou non se presenta nalgunha das xornadas, agás causa de forza maior debidamente xustificada, será sancionado con 300 euros e perderá o dereito a participar na copa durante a seguinte tempada.

1.6.- A fase preliminar constará de tres xornadas dunha sesión cada unha que dará comezo as 17,30 horas e a fase final dunha xornada e dúas sesións que darán comezo ás 10.30 e 17.30 horas respectivamente.

1.7.- As sedes poderán ser solicitadas polos clubs participantes en cada división. Para a fase preliminar e terceira división, as solicitudes serán presentadas na Asemblea. Para a organización das xornadas da fase final terá preferencia o equipo clasificado en primeiro lugar na fase preliminar, e se rexeitar, pasa aos seguintes por orde de clasificación.

1.8.- Como mínimo unha hora e media antes do inicio de cada sesión a piscina deberá estar á disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.

1.9.- As datas de celebración serán as que figuran no calendario de natación para a presente tempada.

2.- PROGRAMA DE PROBAS.

2.1.- Para a fase preliminar a orde de probas será a seguinte:

Programa A	Programa B	Programa C
1. 4X50 estilos mas	17. 400 libre mas	31. 4X50 libre fem
2. 4X50 estilos fem	18. 400 libre fem	32. 4X50 libre mas
3. 1500 libre mas	19. 50 costas mas	33. 800 libre fem
4. 200 libre fem	20. 50 costas fem	34. 200 libre mas
5. 100 estilos mas	21. 100 bolboreta mas	35. 100 braza fem
6. 100 estilos fem	22. 100 bolboreta fem	36. 100 braza mas
7. 50 braza mas	Descanso	Descanso
8. 50 braza fem	23. 200 braza mas	37. 50 bolboreta fem
Descanso	24. 200 braza fem	38. 50 bolboreta mas
9. 200 bolboreta mas	25. 200 estilos mas	39. 200 costas fem
10. 200 bolboreta fem	26. 200 estilos fem	40. 200 costas mas
11. 100 libre mas	27. 50 libre mas	41. 400 estilos fem
12. 50 libre fem	28. 100 libre fem	42. 400 estilos mas
13. 100 costas mas	Descanso	Descanso
14. 100 costas fem	29. 4X100 libre mas	43. 4X100 estilos fem
Descanso	30. 4X200 libre fem	44. 4X100 estilos mas
15. 4X200 libre mas		
16. 4X100 libre fem		

2.2.- Realizaranse dous descansos de 10 minutos, un antes das probas de remudas e outro antes das probas número 9, 23 e 37. Durante os descansos os nadadores poderán dispoñer da piscina de competición.

2.3.- A orde dos programas decidírase por sorteo e será a mesma para todas as ligas. Unha vez realizado o sorteo as xornadas disputaranse como se sinala a continuación:

FASE PRELIMINAR	1ª Xornada	2ª Xornada	3ª Xornada
PROGRAMA	A	C	B

*No suposto de que coincida o programa de probas que inclúe 100 estilos cunha sede con piscina de 50 metros, cambiarase o programa de probas, realizando un novo sorteo para o grupo correspondente. Para a fase final a orde de probas e a seguinte:

FASE FINAL	
1ª SESIÓN	2ª SESIÓN
1. 200 LIBRE MASCULINO	20. 50 BRAZA FEMININO
2. 400 LIBRE FEMININO	21. 50 BRAZA MASCULINO
3. 200 BOLBORETA MASCULINO	22. 100 ESTILOS FEMININO *
4. 200 BOLBORETA FEMININO	23. 100 ESTILOS MASCULINO *
5. 50 COSTAS MASCULINO	24. 200 LIBRE FEMININO
6. 50 COSTAS FEMININO	25. 400 LIBRE MASCULINO
7. 100 BRAZA MASCULINO	26. 100 COSTAS FEMININO
8. 100 BRAZA FEMININO	27. 100 COSTAS MASCULINO
9. 1500 LIBRE MASCULINO	28. 100 BOLBORETA FEMININO
10. 50 LIBRE MASCULINO	29. 100 BOLBORETA MASCULINO
11. 50 LIBRE FEMININO	30. 800 LIBRE FEMININO
12. 200 COSTAS MASCULINO	31. 200 BRAZA FEMININO
13. 200 COSTAS FEMININO	32. 200 BRAZA MASCULINO
14. 200 ESTILOS MASCULINO	33. 100 LIBRE FEMININO
15. 200 ESTILOS FEMININO	34. 100 LIBRE MASCULINO
16. 50 BOLBORETA MASCULINO	35. 400 ESTILOS FEMININO
17. 50 BOLBORETA FEMININO	36. 400 ESTILOS MASCULINO
18. 4X200 LIBRE MASCULINO	37. 4X100 ESTILOS FEMININO
19. 4X200 LIBRE FEMININO	38. 4X100 ESTILOS MASCULINO

No caso de que a fase final sexa en piscina de 50 metros, a proba de 100 m estilos non se disputará.

Establécese un descanso de 10 minutos despois da probas número 17 e 36.

3.- PARTICIPACIÓN.

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculina: Nacidos no ano 1999 e anteriores.

Feminina: Nacidas no ano 2000 e anteriores.

3.2.- Cada nadador poderá participar nun máximo de catro probas individuais na fase preliminar e de tres probas individuais na fase final. Nunha xornada da fase preliminar poderá nadar nun máximo de dúas probas e nas remudas. No caso de que incumpra este punto, os puntos acadados nas probas de máis non serán tidos en conta. Na fase final poderanse nadar un máximo de dúas (2) probas por sesión. Na terceira división non existirá límite no número de probas a nadar.

O clube que incorra nesta falta será sancionado coa perda de todos os puntos en cada proba de exceso, agás na terceira división.

3.3.- Cada clube poderá inscribir un máximo de dous nadadores por proba.

3.4.- Cada clube poderá inscribir dous equipos de remudas por proba.

3.5.- Poderanse realizar cambios até 45 minutos antes do comezo da competición.

4. INSCRICIÓNS.

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos (modelo) correspondente á competición de que se trate e remitiranse á FEGAN por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito ficheiro enviarase, no mesmo correo, a "acta de preinscripción" que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou DOC.

4.2.- As inscricións deberán obrar en poder da FEGAN antes das 20.00 horas do martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

4.3.- Deberán inscribirse tamén os nadadores que participen só en remudas, e para substitucións.

4.4.- A entidade organizadora remitirá as series á FEGAN e aos clubs participantes antes das 20.00 horas do xoves anterior á celebración da xornada correspondente.

5. FÓRMULA DE COMPETICIÓN.

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- Na fase preliminar da división de honra, primeira e segunda:

5.2.1.- A puntuación nas probas individuais será: 15, 12, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1

5.2.2.- A puntuación nas probas de remudas será: 30, 24, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

5.2.3.- Establecerase unha clasificación por xornada en función dos puntos obtidos nas probas individuais e de remudas. A cada clube asignaráselle a seguinte puntuación segundo a clasificación acadada: 7, 5, 4, 3, 2, 1 punto (do primeiro ao sexto).

5.2.4.- En caso de empates decidirá a maior puntuación sumados os puntos obtidos nas probas individuais e de remudas, en caso de que este persista, atenderase ao número de primeiros postos, segundos, terceiros, etc.

5.3.- Na fase final da división de honra, primeira e segunda:

5.3.1.- Competirán na mesma piscina os seis equipos que compoñen cada unha das Copas: división de honra, primeira e segunda. As series confeccionaranse de forma independente en función dos grupos aos que se fai referencia no punto 1.2. e iranse intercalando proba a proba. Primeiro a serie correspondente ao grupo que compite pola permanencia e a continuación a serie correspondente ao grupo que compite polo título/ascenso.

5.3.2.- A puntuación nas probas individuais será: 9, 6, 4, 3, 2, 1

5.3.3.- A puntuación nas probas de remudas será: 18, 12, 8, 6, 4, 2.

5.4.- Nas fases preliminar e final de terceira división:

5.4.1.- A puntuación virá dada en función do número de clubes inscritos:

5.4.2- A puntuación nas probas individuais será (para 6 clubes participantes): 15, 12, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1

5.4.3- A puntuación nas probas de remudas será (para 6 clubes participantes): 30, 24, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

5.5.- Establecerase unha clasificación en función dos puntos obtidos nas probas individuais e de remudas.

6.- CLASIFICACIÓNS E RESULTADOS.

6.1.- Na división de honra, primeira e segunda, farase unha clasificación xeral por clubes ao finalizar as tres xornadas da fase preliminar conforme ao indicado no punto 5.2., para determinar a distribución dos clubes na fase final.

6.2.- Na terceira división farase unha clasificación xeral por clubes, ao finalizar as tres xornadas da fase preliminar conforme ao indicado no punto 5.4., para determinar a organización da fase final.

6.3.- A clasificación da fase final determinará os ascensos e descensos de categoría.

6.4.- Os clubes organizadores deberán entregar unha copia dos resultados aos clubes participantes ao rematar a xornada, e remitir os mesmos á FEGAN ao correo electrónico resultados@fegan.org, á maior brevidade posible.

7. TÍTULOS E PREMIOS.

7.1.- Entregarase un trofeo ao equipo campión de cada división.

7.2.- Establécense os Trofeos Presidente Leopoldo Bremón para as mellores marcas, masculina e feminina, acadadas durante a celebración da presente Copa por puntuación da táboa da FINA.

7.3.- Establécense os Trofeos "Mellor Nadador" para unha nadadora e un nadador de cada unha das catro divisións, que se determinarán pola suma da puntuación obtida por táboa da FINA en todas as probas individuais nas que participen.

8.- RECLAMACIÓNS.

Nas competicións de natación de carácter territorial pero con varias sedes, a Comisión de Competición estará formada por:

a) O Secretario Xeral da FEGAN

b) Un representante dos Clubes participantes, elixido por sorteo.

c) Un representante dos adestradores, elixido por sorteo de entre os pertencentes aos clubes participantes

d) O Xuíz Árbitro da Competición.

e) Unha persoa designada pola FEGAN que non coincida coas anteriores.

O sorteo dos compoñentes desta Comisión de Competición, celebrarase ao inicio da tempada, durante a disputa do Campionato Galego de Longa Distancia.

A reclamación presentarase, como máximo, ata 48 horas despois de resolta a reclamación previa presentada ao xuíz da competición.

A reclamación resolverase, por parte da Comisión de Competición, como máximo 48 horas despois de ter coñecemento dela.

RECLAMACIÓNS DE RESULTADOS

Calquera reclamación contra os resultados non se poderá levar a cabo logo de pasadas 48 horas dende a súa publicación definitiva.

ANEXO I.

COMPOSICIÓN PROVISORIA DAS DIVISIÓNS TEMPADA 2012-2013			
División de Honra	Primeira División	Segunda División	Terceira División
CN PABELLON OURENSE	RCN VIGO	AD FOGAR	CN XOVE
CN FERROL	CN PONTEAREAS	C DEL MAR	CN VILAGARCÍA
CN GALAICO	ADN NARON	CN PORTAMIÑÁ LUGO	CN MOS
CN CORUÑA	C MARINA FERROL	CN REDONDELA	USC
CN RIVEIRA	CD CIDADE DE SANTIAGO	AD LICEO	CN SALNÉS
CFV LUGO	CN ARTEIXO	CN ARZUA	CN MONFORTE

A Coruña, 28 de setembro de 2012
Secretaría Xeral FEDGAN